

DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

F. Fernández Rei (2013): “Prestixiando o galego: de Manuel Luís Acuña a Marcos Valcárcel. Notas sobre a constitución da lingua literaria”, en Xoán Carlos Domínguez Alberte (ed.): *Actas do IV Congreso Manuel Luís Acuña (A Pobra de Trives 19-21 de novembro de 2009)*. A Pobra de Trives: Concello da Pobra de Trives, 11-32.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

Prestixiando o galego: de Manuel Luís Acuña a Marcos Valcárcel.

Notas sobre a constitución da lingua literaria

Francisco Fernández Rei

(Instituto da Lingua Galega da USC/Real Academia Galega)

A lingua literaria galega, despois de interromperse o seu cultivo no séc. XV, reemerxeu no séc. XIX; e desde entón áchase nun proceso de elaboración, de cultivo como lingua románica autónoma verbo da lingua portuguesa coa que comparte unha orixe común. Desde finais do séc. XIX os cultivadores do galego sempre estiveron abertos ás achegas léxicas do portugués, idioma ó que se acudiu –e segue a acudirse– sobre todo para a modernización e descastelanización léxica.

A liña central da elaboración do galego moderno caracterízase por ser “extremadamente flexible pero cada vez máis esixente, moderadamente populista, loitando incansablemente por ceibarse do lastre do castelán e tendencialmente máis intransixente cara a esta lingua, polo tanto, purista e diferencialista, e moi aberta ó empréstimo portugués” (Monteagudo Romero 1997: 24). Nesa elaboración pódense distinguir catro etapas cronolóxicas nun proceso acumulativo e de evolución ascendente: (1) galego popularizante, de comezo a finais do séc. XIX; (2) galego enxebriante ou diferencialista, de finais do séc. XIX a 1936; (3) galego protoestándar, de 1936 á década de 1970; e (4) galego estándar, do final desta década á actualidade¹.

A miña intervención neste IV Congreso Manuel Luís Acuña vai ser unha aproximación á formación do galego literario moderno, baseándome en aspectos da

¹ Para a cronoloxía e a caracterización destas catro etapas vid. Fernández Salgado/Monteagudo Romero (1995: 177 ss.). O esquema destes autores foi o que apliquei en Fernández Rei (1998), no que me baseo para redactar os apartados (1), (2) e (3) do presente texto, co engadido relativo á obra de Manuel Luís Acuña.

morfoloxía e do léxico de obras relevantes para analizar esas tres primeiras etapas². A seguir farei unhas consideracións sobre a *questione della lingua* da cuarta etapa e sobre os piares do galego da normativa vixente; e rematarei a miña intervención cunhas palabras dedicadas a Marcos Valcárcel.

1. Galego popularizante: Rosalía e Curros.

Nesta primeira fase, que abrangue practicamente todo o séc. XIX, a lingua literaria ten un forte arrecendo a galego oral e popular, con predominio de solucións dialectais e interdialectais na morfloxía e con abundancia de vulgarismos e castelanismos léxicos; porén, houbo autores de comezos do séc. XIX como Fernández Neira, Boado Sánchez e sobre todo Xoán Manuel Pintos, na metade do século, nos que “late un sentido de la unidad del gallego que, por razones teóricas o prácticas, quiere desembocar en la fijación de una lengua común” (Carballo Calero 1974: 35-36).

Neste apartado voume referir ás tres “coroas” poéticas do Rexurdimento, que presentan notables diferenzas na súa lingua literaria. O termo popularismo acáelle ben a Rosalía, só en parte a Curros e practicamente nada a Pondal, en quen se advirte un grande esforzo de depuración e modernización do idioma³.

1.1. Rosalía de Castro (1837-1885)

Nos *Cantares gallegos* (1863) e nas *Follas novas* (1880) da poeta da Terra de Iria rexístranse interdialectalismos morfolóxicos nas terminacións latinas -ANU, -ANA (*man/maus, mans, grau; mañán, lan*), nos plurais en *-n* (*coraçons, canciós* e raramente formas como *traizoes*) e nos plurais en *-l* (o xeral son formas como *toxales* e esporádicos os plurais *azues, mortais*). Esta autora usa sempre o pronome suxeito *ti*, forma innovadora propia do galego occidental e parte do central.

En Rosalía hai vulgarismos fonéticos (*craro, enxempro*) e morfolóxicos (*craridá*). No seu léxico rexístranse moitos castelanismos de luxo (*suelo, dicha*), ás veces disfrazados (*pueblo, robre*), e mesmo pode anotarse a forma castelá e a galega (*calles/rúas, demonio/demo*). As creacións ultracorrectas ou hipergaleguismos (*estrano, cristaiño*) son escasas.

² Nalgúns termos indicarei se se trata de primeiras documentacións na historia do galego escrito, para o que me baseo no *Teseouro informatizado da lingua galega* (Santamarina, 2004).

³ Para a lingua de Rosalía vid. Álvarez Ruíz de Ojeda (1986) e Fernández Salgado/Monteagudo Romero (1995: 128-132). Sobre o galego do XIX pode verse Freixeiro Mato/Sánchez Rei/Sanmartín Rei (2005).

Ademais, rexístranse algunhas “formas á portuguesa” como *adoraçon, devoçon, espaço* (Lorenzo 1986: 33), que Fernández Salgado e Monteagudo (1995: 132) consideran “máis atribuíbles ó desexo de representación da fala espontánea (riscos orais marxinais) có desexo de recuperación ou restauración diferencialista”.

1.2. Manuel Curros Enríquez (1851-1908)

Na obra poética de Curros (*Aires da miña terra* 1880, *O Divino Sainete* 1888) hai solucións dialectais propias do galego lucu-auriense, como as terminacións *-au/-á* (*chau, grau; mazá, mañá/mañán*); os plurais en *-s* (*corazós, desdés, algús*), aínda que se rexistran algún exemplo do galego occidental *-ns* (*cans*), mesmo en alternancia coa solución de Celanova (*bens/bes*); e os pronomes *il* e *iste* (pouco usados) a carón de *el, este*. Outros “ourensanismos” son *faguer* en *Aires* (no *Sainete* rexístrase *facere*), *traguer, pór* (con máis rexistros ca *poñer*) e adverbios como *eiquí, uxe*, que alternan cos xerais *aquí, hoxe*. Tamén hai solucións morfolóxicas do galego occidental, seguramente por influxo rosaliano, coma o pronome *ti*, que presenta máis ocorrencias có ourensán *tu*, e formas verbais como *chamás, amés*⁴.

No léxico do celanovense apréciase un claro criterio diferencialista, inexistente en Rosalía, pois evita formas galegas idénticas ás castelás, que substitúe por un sinónimo galego (*bágoa* e *bagulla* no canto de *lágrima, beizos* máis usado ca *labios*) ou por un termo afín (*rubir* por *subir*), á vez que emprega voces como *primaveira*⁵, *hourizonte, hixene* (e *hixiénico*), *brilar* (e *brillar*), *montana, iñorar* ou *praneta* para así dar forma galega sobre todo ós cultismos e afastalos das formas castelás correspondentes. Porén, Curros usa castelanismos de luxo (*Dios, gallego, deuda, duda, capilla*), que ás veces se adaptaron á fonética galega na lingua popular (*baraxa, xuez*), ou son castelanismos con aparencia de forma galega (*coseita* “colleita” ou *aleixado* “afastado”).

Lorenzo (1986: 34) salienta que en *Aires da miña terra* hai algunha concesión ó portugués (*povo, mor, louvadores, rasto*) e que no celanovés só se rexistran formas rematadas en *-ción, -sión* (*aparición, ocasion*), xunto co invento *notiza*.

⁴ Para a caracterización da área lucu-auriense á que pertence Celanova, terra natal de Curros, vid. Fernández Rei (1990: 132-134); e para a lingua deste poeta vid. a Rúa Ferradás (1987).

⁵ O termo *primavera* é xeral en todo o dominio lingüístico para a estación que está entre o inverno e o verán (Fernández Rei 2003: mapa 121). Rexistrouse tamén *primaveira* en 33 puntos espallados por todo o territorio como única forma ou en concorrencia con *primavera*, sendo esta a habitual nos casos de concorrencia. Outra forma popular documentada foi *primadera* no occidente da Coruña e nalgún punto de Lugo.

1.3. Eduardo Pondal (1835-1917)

Na poesía de Pondal hai solucións dialectais da súa comarca bergantiñá, coma o uso constante de formas en *-án* masc. e fem. (*vran, irmán, avelán*), plurais *-ns*, desinencias de pretérito *-ío* por *-iu* (*morrió, perdío, fuxío*) e *-ano, -eno, -ino*, solucións practicamente universais verbo de *-aron, -eron, -iron* que tamén se documentan en textos do bergantiñán⁶. No léxico hai castelanismos (*valle, cidade, peligro, siglo, gallego*), que poden concorrer coa forma galega (*sembrar/semeste, sinal/sinal*) ou presentarse con aparencia galega (*cenicenta, lexano, tembrar*), e tamén algún hipergaleguismo (*obedente, postrimeirías, concencia*).

O máis salientable no poeta da Ponteceso na súa procura dunha “lingua de ouro” é o coidado nas escollas léxicas, como se aprecia no uso de formas máis “galegas” como *leda, ergue* no canto das voces comúns ás castelás correspondentes (*alegre, alza*); no uso dalgunhas formas portuguesas como *aguardar* (xunto a *gardar*), *formoso*; e no emprego de moitos cultismos (*aspérrimo, inclito, pronó*), ás veces da súa invención (*férrido, pátrido*). Do portugués debeu tomar formas como *cor, dor* (alternan con *color, dolor*), que noutros autores aparecerán coa forma medieval (*coor, door*), *descer* (alterna con *descender*) e, se cadra, tamén *ouvir*, forma propia do galego meridional arraiano con Portugal, mais non das falas bergantiñás.

2. Galego enxebrista ou diferencialista: López Ferreiro, Cabanillas, Pedrayo e Acuña

Nesta fase da elaboración do galego moderno, que vai de finais do séc. XIX a 1936 continúa o (inter)dialectalismo morfolóxico, con algún supradialectalismo que se consolida, como o pronome *ti* como suxeito. O léxico modernízase acudindo ó galego medieval para recuperar formas patrimoniais castelanizadas (*galego, castelán, eirexa, testemoio*⁷) e ó portugués, do que se toman nos anos 20 e 30 formas como (*a*)*benzoar, degrao, encosta* ou *hesitante*.

As linguas modernas de cultura son tamén fonte de modernización léxica; pero o máis característico desta etapa enxebrista é a hiperalienación, ou máis ben hiperidentificación, que fixo que se primasen formas diferentes das patrimoniais

⁶ Para a caracterización da área bergantiñá á que pertence Ponteceso, terra natal de Pondal, vid. Fernández Rei (1990: 119-120): e para a lingua literaria deste poeta vid. Ferreiro (1991).

⁷ No galego estándar actual as formas comúnmente empregadas son *igrexas* (port. *igreja*) e *testemuño* (port. *testemunho*) no canto deses arcaísmos.

comúns ás castelás (os hiperdiferencialismos como *rubir*, *bágoa*, *intre* verbo de *subir*, *lágrima*, *momento*) ou que se hipergaleguizasen moitos cultismos (*zoa*, *outo* por *zona*, *alto*) e algunhas formas patrimoniais (*primaveira*, *montana* por *primavera*, *montaña*). Para a exemplificación deste apartado tratarei a lingua literaria de catro autores de xeracións diferentes: López Ferreiro, Cabanillas; Otero Pedrayo e Acuña.

2.1. Antonio López Ferreiro (1837-1910)

Nos anos de entre séculos este historiador e arqueólogo compostelán ten un importante papel na elaboración da prosa galega moderna, con novelas románticas de corte histórico (*A tecedeira de Bonaval*, 1894; *O castelo de Pambre*, 1895; *O niño de pombas*, 1905), escritas ó xeito de Walter Scott cando o que se facía en Europa era novela realista. N' *A tecedeira de Bonaval* e n' *O castelo de Pambre* hai interdialectalismo morfolóxico nas terminacións -ANU, -ANA (*hirmán/chao*, *avelá/mañán*, pero *cristiano*, -a, *compostelano*, -a, *humano*, -a) e na formación dos plurais (*cans/cas*, *leóns/corazós*). O léxico está inzado de vulgarismos e de castelanismos (*dicha*, *pueblo*, *nogal*, *castillo*, *Dios*) e case non presenta hipergaleguismos nin cultismos⁸.

O máis salientable de López Ferreiro, bo coñecedor dos documentos galegos medievais, é a introdución de arcaísmos léxicos (*avinça*, *cibdá*, *freira*), de arcaísmos morfolóxicos coma os plurais en -l (*oficiaes*, *xeneraes*, *civiis*, a carón de *oficiás*, *mortales*) e os sufixos -za, -zo, -zon (*Galiça*, *xuíço*, *serviço*, *situaçon* xunto a *Galicia*, *xuicio*, *servicio*, *situación*). Constante é o uso de formas con vogais dobradas propias do galego medieval (*veer*, *door*, *raçoos*, *abelaa*), mentres que a presenza do grupo medieval *sc*, gráfico e non fonético, é insólito na obra de López Ferreiro (*parescía*, *pertescen*); porén, este grupo *sc* é frecuente nos anos de entre séculos en textos dramáticos e poéticos do coruñés Galo Salinas (1852-1926) e nos poemas históricos do tamén coruñés Francisco Tettamancy Gascón (1854-1921)⁹.

2.2. Ramón Cabanillas (1876-1959)

Entre 1915 e 1930 o poeta das Irmandades da Fala representou a estética “oficial” do nacionalismo galego con tres libros de forte impacto nesa época: *Vento*

⁸ Sobre a lingua d' *O castelo de Pambre* e d' *A tecedeira de Bonaval* vid. López Ferreiro (1981) e (1985).

⁹ Sobre o arcaísmo nas tres novelas de López Ferreiro e na obra de Salinas e Tettamancy vid. Fernández Rei (2001a: 22-31)

mareiro (1915), que representaba o “aggiornamento” da poesía galega nun momento en que Murguía e a elite galeguista e protonacionalista temía pola herdanza do Rexurdimento literario que ergueran Rosalía, Curros e Pondal; *Da terra asoballada* (1917), poemario de denuncia e de combate; e *Na noite estremecida* (1926), tres sagas sobre a busca do Grial, que Cabanillas proxectou como un mito galego e universal, como punto de encontro dos países célticos e expresión do sentimento común a Portugal, coa saudade como nexo.

Na poesía do primeiro terzo do séc. XX Cabanillas emprega a morfoloxía dialectal do seu Cambados natal (e do Salnés), como a terminación *-án* en *chan, man, (voz/ventiño) levián, (lousa) cristián, (celta) armoricán*; o plural *-ns* (*traicións, xardíns, teceláns, sans*); o pronome suxeito *ti* e as formas de perfecto *-eu* dos verbos en *-ir* (*pideu, rubeu, conquireu*). Nos plurais en *-l*, xunto á solución moi popular idéntica á castelá (*variles, chouzales, señales*) rexístrase o plural arcaico *-es* apoiado no portugués da época (*raciaes, cristaes, azúes*)¹⁰.

Na procura dun galego enxebre Cabanillas prefire formas non homófonas do castelán (*ledo, beizo, bágoa, rubir, rachar*), usa voces feitas de materia galega con espírito castelán (*arela, arelada*) e anchea a semántica de palabras como *tecer* (“a vida do campo está *tecida*”), *debullar* (“o reiseñor *debullla* dóces cantigas”) ou *lañar* (“*lañando* cos arados a terra quente”), forma esta última da fala mariñeira para a acción de abrir o peixe para lle tirar as tripas. Foxe das formas comúns ó castelán hipergaleguizando o léxico (*primaveira, hourizonte, tranquíu, montana/montaña, outo, outura/altura*). Así e todo, en Cabanillas rexístranse moitos castelanismos de luxo (*Dios, gallego, sinal*), ás veces alternando coa forma galega (*reina/raíña, lexos/lonxe, campana/sino*). Outras veces son adaptacións fonéticas propias do galego popular (*alaxa, xaula, mortaxa*) ou calcos do castelán (*alonxan, lonxano lonxanía*). O poemario *Vento mareiro*, tematicamente na liña de Rosalía e de Curros, ten máis hipergaleguismos e máis castelanismos que *Na noite estrelecida*, obra cunha temática e unha lingua moi elaborada que lembra a Pondal.

Cabanillas introduce no galego escrito formas como *luzada*, que designa as primeiras luces do día, moi usada polos mariñeiros de Cambados (e doutras vilas arousás) ou *marusía* (mar picado), á vez que enriquece a lingua con moitos arcaísmos léxicos (*cibdade, belidas, freira, vegada, senlleiro, conquistar, ardimento, povo, voo,*

¹⁰ Os exemplos corresponden ás obras *Vento mareiro* (Cabanillas, 1959: 129-215) e *Na noite estremecida* (Cabanillas, 1959: 257-282).

doores/dores, fiestra, aa), con arcaísmos gráficos (*renascer*) e con algún falso arcaísmo (*silenzo, silenzosa*). Usa latinismos (*fúlxico, ridente, lábaro*), algún calco do francés (*táboa* por *mesa*) e empréstitos portugueses (*hesitante, somentes, até, benzoado, rochedo, azas..*). Unhas veces a forma portuguesa substitúe unha popular galega, caso de *rochedo* respecto do popular *cón* do Salnés (e doutros puntos da costa pontevedresa); ou ben despraza un castelanismo, como pasa con *sino* verbo de *campana*¹¹, ou vai desprazando un suposto castelanismo, caso de *ar* respecto de *aire*. O termo *azas*, adaptación de *asas*, substitúe o arcaísmo *aas* que usara na encomenda-epitafio á súa muller en *Vento mareiro* (“Quero na lousa que me de sosego/ esta palabras que ten luz: Gallego/ e esta palabra que ten aas: Poeta”)¹².

2.3. Ramón Otero Pedrayo (1888-1976)

Este polígrafo ourensán, unha das grandes figuras da Xeración Nós e un dos maiores cultivadores da prosa literaria e ensaística en galego, é un excelente representante do galego enxebrista ou diferencialista, como se aprecia coa lectura de obras como *A lagarada. Farsada trágica pra ler* (1928), *A maorazga* (1928), *Devalar* (1935) ou *O mesón dos ermos* (1936), aínda que toda a exemplificación que segue corresponde a *A lagarada*. Nesta peza teatral rexístrase interdialectalismo nas solucións patrimoniais das terminacións -ANU, -ANA e plurais, coa solución ourensá (*maus, irmá*) e a do galego occidental (*chan, mans, vran, mañáns*), mesmo en cultismos (*compostelán, humán*); nos plurais de formas en -n (*carretós, algús; cans, nugalláns*) e en -l (*criminás, xentís, outeirales, lanzals*)¹³. O diferencialismo fai que use un paradigma de deícticos *iste, ista, isto*, insólito no galego oral (o característico ourensán é *iste, esta, esto*), que use *ti* suxeito no canto do ourensán *tu* e que empregue formas

¹¹ O castelanismo *campana* está moi documentado en toda a obra de Cabanillas, en concorrencia con algunha aparición de *campás* xa desde o seu primeiro poemario *No desterro* (1913) e con bastantes rexistros da forma *sino*, que aparece en obras de 1926 e posteriores; porén, este probable empréstito portugués en Cabanillas é termo tan galego como portugués.

¹² Moitos deses empréstitos do portugués aparecen en obras de Cabanillas da década de 1920 e da posguerra, cando o autor realizou un “pulimento de verbas”. Unha das fontes principais desas formas debeu ser a obra de Teixeira de Pascoaes, o gran poeta saudosista, autor de *Marânus* (1911). Neste poemario anotei *doirava, treva, descia, asas, rocha, rochedo, hesitantes, encostas, joelhos* e outras formas que se rexistran en obras do poeta cambadés de 1926. Sobre o léxico e a evolución da lingua literaria de Cabanillas vid. Fernández Rei (1999), (2000) e (2001b).

¹³ En Otero Pedrayo tamén se rexistran solucións arcaizantes en formas de plural en -n (*baroes, ladroes, pendoes*) e en -l (*azues, casaes, centraes*), como sinalan Fernández Salgado/Monteagudo Romero (1995: 135). Para o galego deste autor vid. Álvarez Blanco (1988).

ourensás como *faguer* ou *tragner*, aínda que está se documenta en moi diversos puntos do dominio lingüístico galego.

Neste escritor rexístrase unha constante hipergaleguización de cultismos (*centearia, estrana, tranquiá, sadisfeitos*) e de popularismos (*montana*), xunto con neoloxismos como *lonxanas, lonxanía*, que tamén aparecen na obra de Cabanillas. Prefire formas diferentes do castelán, sacrificando diferenza de significado (*coidar, derradeiro, rubir, grea* no canto de *pensar, último, subir, grupo*) e usa voces con ampliacións semánticas; é o caso de *fato* (en principio referido a un rabaño de ovellas ou cabras), pero n'*A lagarada* pode ser un *fato* de vendimadoras, de cregos ou de mulleres. Nesta peza teatral rexístranse algúns castelanismos de luxo (*carretera*), ás veces disfrazados (*arrodillas, coadra, partixas, parexas*).

Otero Pedrayo arrequeña o vocabulario con termos do galego medieval, como *cidade, fiestra, Galiza, Deus, cabidoo, ren, aas*; con empréstitos do portugués, como *nubens, perto* (a carón de *nubes, preto*), *meio, meia, xícara, amizade* e os xa sinalados en Cabanillas *somentes, descer*); e con voces do francés (*chapeu*) ou do inglés (*block*)¹⁴.

2.4. Manuel Luís Acuña (1900-1975).

O trivense Acuña é un dos poetas da Xeración do 25, en denominación de X. L. Méndez Ferrín, ou da Xeración da Vangarda, en palabras de Arcadio López Casanova. Textos do seu poemario *Fírgoas* (1933) como “Aldea”, “Arcipreste”, “Gris”, “O cañoto” ou “Fume” constitúen mostras radicalmente vangardistas da lírica galega de preguerra, que sitúan a Acuña a carón de poetas máis coñecidos coma o rianxeiro Manuel Antonio, o pontevedrés Amado Carballo ou o mindoniense Álvaro Cunqueiro, tal como sinalan os críticos Carlos L. Bernárdez e Ramón Nicolás (Acuña 1992: 35).

Segundo estes editores, o poeta de Trives andaba á procura dun galego depurado na morfosintaxe, enxebre no léxico, que arrequeña coa achega da influencia directa do portugués, co que constrúe “unha lingua de grande pureza, na que rarean os hiperenxebriños, tan frecuentes no galego literario do seu tempo” (Acuña 1992: 46).

Na lingua de *Fírgoas* hai interdialectalismo nos resultados da terminación –ANU con presenza de solucións do galego occidental (*chan, mans*) e do galego central (*mau*

¹⁴ Noutras obras de Pedrayo hai catalanismos (*homaxe*), anglicismos (*sport, sportivo, hall*), italianismos (*palazzo, perfil*) e abundantes latinismos (*animalia, cauda, gaudioso, palude, penna*). Cf. Fernández Salgado/Monteagudo Romero (1995: 139).

‘man’)¹⁵ ó que pertence Trives. O interdialectalismo tamén se aprecia no plural dos nomes en *-n*, con formas do galego occidental (*mans, suposicións*) e do central (*ilusíós, latís, zagós*), que son predominantes; e no uso dos demostrativos *este, ese*, que nalgúns poemas non aparecen porque o poeta emprega as formas lucu-aurienses *iste, ise*. Emprega o pronome persoal *il*, pero usa o pronome suxeito *ti* diferenciador e moi literario, no canto do *tu* de Trives e do galego centro-oriental. No plural dos nomes en *-l* rexístrase habitualmente o cambio desta consoante por *-s* (*papés* ‘papeis’, *piñeirás* ‘piñeirais’), que é a antiga solución popular do galego occidental e central. Tamén se documenta a solución arcaizante *-es* (*azues, canaes*), que era moi común no galego literario da época, e a solución *-les* nunha forma como *ronseles*.

No verbo rexístranse frecuentes formas de imperativo como *falai* ‘falade’, propias da maior parte do galego ourensán e do sur de Pontevedra; e tamén usa o imperativo *ollande* ‘ollade’, propio de falas do sur de Ourense e do suroeste pontevedrés. Emprega formas dialectais con tradición literaria como *seña*, propia da área mindoniense e de falas eonaviegas; *traguer*, propia de falas ourensás (en alternancia con *traer*); *ouvir*, propia do galego meridional, que en Acuña se rexistra xunto con *ouir*, forma esta máis ben característica do interior de Pontevedra e do occidente da Coruña especialmente.

En *Firgoas* non é salientable a frecuencia de castelanismos, pero hai mostras tanto na morfoloxía (*mentras* ‘mentres’, *si* ‘se’, *sin* ‘sen’, *saliu* ‘saíu’) como no léxico (*callo* ‘calosidade’, *difuntos* ‘defuntos’, *olas* ‘ondas’), formas comúns no galego popular. Hai hipergaleguismos propios da lingua literaria do primeiro terzo do séc. XX como *distanza, esenza* ou *silenzo*, xunto con formas que hoxe son do galego estándar como *xustiza*; e rexístranse voces como *canzós* ‘cancións’ ou *estazón* coa solución *-zón* tradicional no galego escrito desde finais do séc. XIX. Acuña usa hipergaleguismos como *hourizonte* ‘horizonte’, *outo* ‘alto’, *primaveira* (forma tamén do galego popular, como xa se indicou) ou *somas* ‘sombas’, pero sen a frecuencia doutros autores da época; e no que respecta ós arcaísmos, a súa presenza é escasa, aínda que hai algunha mostra como no caso de *áas* ‘as’.

No léxico o fenómeno máis chamativo, segundo Bernárdez e Nicolás, posiblemente sexa a achega de vocábulos de procedencia portuguesa, algúns moi poucos habituais entre os escritores da época e con fortuna desigual á hora de seren admitidos na codificación léxica vixente. Emprega lusismos frecuentes no galego escrito (*ar, preto,*

¹⁵ Toda a exemplificación do poeta trivense está tirada do capítulo “A lingua de Manuel Luís Acuña” que Bernárdez e Nicolás redactaron na edición de *Firgoas* (Acuña 1992: 45-51).

sul) e outros menos habituais (*embora, isolar, relva, sostiño, vellice*), ademais de cultismos de clara procedencia portuguesa (*lonxincuo, reflectir*).

3. Galego protoestándar: Cunqueiro, Celso Emilio e Beiras

Nesta fase segue o arrecendo enxebrista ou diferencialista, que é máis moderado en Galicia ca nos textos en galego da emigración, pois non se rexistra tanto arcaísmo nin tanto exceso hipergaleguista. Nos textos dos anos 50 e 60 do século pasado editados en Galicia continúa o interdialectalismo morfolóxico, pero nos da década de 1970 predomina o supradialectalismo. Na lingua literaria son fontes de arrenquentamento o galego oral, o latín e as linguas modernas europeas, e de xeito especial a portuguesa. Na prosa non literaria é salientable o rexistro de moitas voces populares ampliadas semanticamente, que en boa parte pasaron ó galego culto moderno¹⁶.

Neste apartado centrareime na narrativa de Cunqueiro, na poesía e na prosa literaria de Celso Emilio e na prosa ensaística de Beiras.

3.1. Álvaro Cunqueiro (1911-1991)

Na narrativa deste escritor mindoniense, editada entre 1955 (*Merlín e familia*) e 1979 (*Os outros feirantes*), hai interdialectalismo e dialectalismo. Nos resultados de ANU rexístrase o occidental *-án* (*man, verán*), mesmo nos cultismos (*italián, republicán*), e moi raramente o *-ao* do galego centro-oriental, mentres que na terminación *-ANA* en toda a súa obra conviven a solución mindoniense *-á* (e do galego centro-oriental) e a occidental *-án*, tanto nos popularismos (*mañá, soá; mañán, sabáns*) coma nos cultismos (*romá, italián*). Nos plurais en *-n* é predominante a solución do galego central (*cas, razós, chufós*) e esporádica a solución occidental *-ns* (*cristiáns, cans, razóns*), agás n' *Os outros feirantes* (1979), onde esta é a única rexistrada.

Nos plurais das palabras en *-l* hai polimorfismo (o moderno *xornais*, o arcaico *provinciaes*, o anticuado *temporás*, o posible castelanismo *figueirales*), con moitos rexistros da solución tipo *temporás*, agás en *Xente de aquí e acolá* (1971) e *Os outros feirantes* (1979), onde predomina a solución *xornais*¹⁷. En toda a prosa de Cunqueiro, agás n' *Os outros feirantes*, rexístranse as formas do sur de Lugo e da maior parte de

¹⁶ Sobre a ampliación semántica de léxico agrícola e as primeiras documentacións na historia do galego escrito vid. González Bueno/Sobrino Pérez (2003).

¹⁷ A preferencia polas solucións *-ns* e *-is* (sing. *-l*) hai que poñela en relación coa publicación das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1971) da Real Academia Galega onde se propoñían estas solucións e que Galaxia foi aplicando ós textos que editaba.

Ourense *iste(s)*, *ise(s)*, *aquil(es)*, e mesmo as solucións de Pedrayo *ista(s)*, *isa(s)*, a carón de *este(s)*, *ese(s)*, *aquel(es)* máis comúns. Emprega sempre a forma *ti* como pronome suxeito con forte tradición no galego escrito, como xa se sinalou.

Na morfoloxía verbal, en xeral, usa solucións de Mondoñedo e do galego de Lugo, sobre todo da área mindoniense. Un trazo característico destas falas é a vogal temática *e* no pretérito de subxuntivo dos verbos en *-ar* (*sequese*, *toquese*, *pasese*) que está moi documentada en toda a narrativa cunqueiriana, como tamén o está a solución do galego común (*gastase*, *perdoase*). Formas mindonienses son as cunqueirianas *esteña* ‘esteá’ e *seña* ‘sexa’, con tradición literaria. É propio de falas mindoniense, aínda que non exclusiva desta área, o verbo *traguer* de Cunqueiro, quen tamén usa *faguer* e en menor medida *facen*, forma esta que no galego de Lugo é practicamente xeral. No presente de indicativo de *dicir* predominan na prosa cunqueiriana as formas *dices*, *dice*, *dicen* verbo das reducidas *dis*, *di*, *din*, co que reflicte a situación das falas do norte de Lugo onde as formas semellantes ás castelás a nivel popular eran moi usadas na década de 1970 cando se fixo o traballo de campo do *Atlas Lingüístico Galego* O verbo *ouvir*, propio de falas do galego meridional e que tiña tradición no galego literario, é case a forma exclusiva da prosa de Cunqueiro, sendo rara a solución *oír*, que só se documenta en *Escola de menciñeiros* (1960)¹⁸.

No léxico patrimonial rexístranse formas características do galego mindoniense, como *mazaeiro* ‘maceira’, *cosco* ‘caracol’, *golpe* (con máis rexistros ca ‘raposo’), *amencer* (común no galego literario), *chufarse* ‘gabarse’, *felgo/folgueira* ‘fento’, *amosar* (no sentido popular de ‘asomar’ e no literario de ‘mostrar’), *valeiro* ‘baldeiro’, *amecer* ‘empatar’ ou *galano* ‘agasallo’¹⁹. Crea palabras como *tendollo*, *trasmundo*, *trompada*; emprega hipergaleguimos como *inquedanza* ‘inquiétude’ e calcos do castelán como *trasego* ‘trastorno’ (García 1991: 12-13).

3.2. Celso Emilio Ferreiro (1912-1979)

Na poesía deste escritor celanovés editada entre 1955 (*O Sono Sulagado*) e 1975 (*Onde o mundo chámase Celanova*) e na prosa (*A Fronteira Infunda*, 1972; *A Taberna do Galo*, 1978) hai solucións dialectais na terminación *-au/-á* (*tabao*, *marrau*; *irmá*, *la*),

¹⁸ Os exemplos da morfoloxía de Cunqueiro están tirados de González González/Fernández Rei (1982). 193. Sobre o dialectalismo en Cunqueiro vid. tamén Hermida (1993).

¹⁹ Sobre o léxico de Cunqueiro vid. Fernández Rei, F. (1982) e García (1991). En Hermida (1993: 53 ss.) pode verse a distribución léxica no galego oral de formas cunqueirianas como *golpe*, *cosco*, *felgo*, *folgueira* e *amencer*.

a carón de formas en *-án* recuperadas por vía literaria (*cristián, castelán*). Tamén é dialectal o emprego de plurais como *pantalós, bendiciós, xardís, ruís*²⁰; e no uso maioritario dos pronomes *ise, ise* e *aquil* (hai algunhas ocorrencias de *este, ese, aquel*) e *il*, menos usado ca *el*. As formas “ourensás” *pór* e *tragner* alternan con *poñer* e *traer*, pero ó mesmo tempo o autor rexeita solucións ourensás como se ve no uso do pronome *ti* (152 ocorrencias) no canto de *tu* (só 2 ocorrencias) e no do verbo *facer* (e non *faguer*).

No léxico de Celso Emilio rexístrase unha forte presenza de hipergaleguismos procedentes da etapa enxebriista (*brilo, alcende, estrana, asesño, outo, outavoces*), ás veces en concorrencia cunha variante culta (*aluciado/alucinado, adoeszenza/adolescencia*) ou popular (*bolboreda/bolboreta, condeado/condanado*).

O autor enriquece o seu caudal léxico con anglicismos, uns adaptados graficamente ó galego (*eslogans, linchado*), outros sen adaptación (*standard, auto-stop, bikini, club, snob*); e tamén emprega latinismos, especialmente locucións con significado léxico (*sursum corda, solideo, verbi gratia/verbigratia*). Rexístranse poucos arcaísmos (*alén, caloñado, conquerir*) e escasos lusismos, que recolle da tradición literaria (*sul, bairro*), ás veces adaptados gráfica e foneticamente (*aza* e *anceio* polo port. *asa, anseio*; *búxola* ‘compás’ por cruce do port. *bússola* e do cast. *brújula*). Por outra parte, emprega castelanismos de luxo como *adiós, árbol* ou *arcilla*²¹.

3.3. Xosé Manuel Beiras (1936)

Na prosa científica d’*O atraso económico de Galicia* (1972) do compostelán, obra de considerable importancia na teoría económica e política da Galicia moderna e que lingüisticamente constitúe unha boa mostra do galego ensaístico da década de 1970, a solución para os resultados *-ANU/-ANA* é xeralmente a supradialectal *-án/-á* tanto no léxico patrimonial (*artesán, cotián, castelán/cortesá*) coma nos cultismos (*urbán/urbá, humás*), e mesmo en formas como *contemporán/temporá*²². Os plurais en *-n* presentan a solución occidental do estándar actual (*mutacións, fins, cataláns*), agás nun cultismo como *cánones*; e nas formas en *-l* rexístrase a solución *-is* (*industriáis, nivéis*), agás en neoloxismos (*fideles*), cultismos (*fósiles*), no plural de *-bel* (*apreciábeles*) e

²⁰ Este plural maioritario convive coa solución occidental (e do actual galego estándar) *-ns* (*contestaciós/contestacións, cas/cans, relacións/relacións*). Nalgunhas formas soamente se rexistra este plural (*cañóns, bens, mitins, trens, perdóns*). Toda a exemplificación da morfoloxía está tirada de Hermida (1992). Sobre o substantivo e adxectivo en Celso Emilio vid. Boullón Agrelo (1992).

²¹ A exemplificación léxica tirouse de L[ópez] Dobao (1992).

²² Hai tamén formas femininas en *-án*: “explotacións *artesáns*”, “economía *paisán*”, “burguesía *languedocián*”.

nalgún popularismo con plural á catalá (*casals*, como o *lanzals* d’*A lagarada* oteriana). Nos deícticos usa os paradigmas *iste, esta, isto* e *ise, esa, iso*; e na morfoloxía do verbo *ser* alternan a mindoniense *seña* con *sexa*, a do actual estándar.

En Beiras pode acharse a tipoloxía do diferencialismo léxico vista en Otero Pedrayo. Evita formas comúns ó castelán (*derradeiro, semellar, fato de persoeiros* no canto de *último, parecer, grupo*) e usa hipergaleguismos xa tradicionais (*aición, peninsua, siñifica, oustáculo, ausolutistas*), xunto con algún outro que se documenta por primeira vez na historia do galego escrito (*cedeiras* ‘cetarias’). Na coidada prosa de Beiras non se rexistran os castelanismos de luxo tradicionais, pero si abondos castelanismos “cultos”: uns son calcos léxicos (*desenrolo*, como en Castela, que alterna con *desenvolvemento, subdesenrolo*), outros son castelanismos disfrazados (*prantexa, prantexamento*, e o mesmo *insolidaridade, convirtir*); algún está adaptado á fonética galega (*xenera*) e outros son castelanismos tal cal (*aplazado, nobleza, estadística, inversión, ocorrer*).

Usa moito léxico da tradición literaria do séc. XX, como arcaísmos (*capíduo, ren, vegadas*, pero *Galicia* e non o arcaico *Galiza*), empréstitos portugueses (*porén, cárrega*), neoloxismos de materia galega con espírito castelán (*antergos*²³, *arela*). Emprega formas derivadas tradicionais, como *lonxanía* e outras máis recentes, como a *centrosa* de Risco e de Pedrayo²⁴ (“*Galicia centrosa*” por “central”), e mesmo algún derivado como *obreirado* documéntase por primeira vez en Beiras. Enriquece o léxico con algún lusismo insólito (*senescencia*²⁵), con galicismos (*entente, vis a vis, tout court, laissez-faire*), con anglicismos (*stock, standard, enclosures, bargaining power*) e con latinismos (*o quid, ab initio, statu quo, mutatis mutandis*).

Como sinalan Fernández Salgado/Monteagudo Romero (1995: 147) o máis salientable dos procedementos neolóxicos de Beiras “é a reutilización de palabras populares en contextos cultivados, de maneira que se amplía o campo significativo daquelas”. Son moitas as expresións na obra analizada onde Beiras mostra un bo coñecemento da semántica do galego oral e se amosa como feliz modernizador, con moitas ampliacións semánticas que forman parte do galego estándar. Eis unha mostra:

²³ *Antergo*, variante de *entergo, entrego* ‘adulto’ (lat. INTEGRUM) usouse no galego culto para ‘antigo, antepasado’. Cf. Santamarina (1995: 84).

²⁴ *Centrosa* documéntase por primeira vez en Risco (“Etnografía: cultura espiritual”) e Otero Pedrayo (“Xeografía”), capítulos da *Historia de Galiza* (1962).

²⁵ A primeira documentación na historia do galego escrito desta forma está nos *Ensaio*s (1963) de Domingo García Sabell. A segunda n’*O atraso* de Beiras.

“fenómenos que dan *fasquía* ao atraso económico”, “nas *rodeiras* do capitalismo industrial”, “para a burguesía *chóese* o camiño”, “*feixe* de incentivos”, “*encetan* a triste romeiría”, “*canles* da economía”, “no *eido* económico, cultural e político”, “revisión *esgazadora*”, “*tecido* de comunicación”, “baixo a *codia* do *aparello* institucional”.

Para este procedemento Beiras tivo un excelente modelo na coitada lingua do Castelao exiliado, pois en *Sempre en Galiza* (1944), emblemática obra do nacionalismo de posguerra, hai frases como “*aparello* caciquil”, “*escolmar* un texto”, “*enxurrada* de conflitos”, “tronzar os *vencellos* que nos *xunguen* a Hespaña”, “*rever* tenrura”²⁶ ou “*balume* esquecido dos periódicos reaccionarios”. Formas coma estas úsanse hoxe no galego común coa acepción metafórica da prosa de Castelao e de Beiras²⁷.

4. Galego estándar

O comezo desta etapa pode situarse simbolicamente en 1980 cando o Estatuto de Autonomía de Galicia establece a oficialidade do galego. A partir de agora, por primeira vez, vaise producir unha intervención consciente e planificada no corpus do galego co fin de elaborar unha variedade de galego común culto.

Ata a segunda metade do séc. XX ningunha institución nin ningunha individualidade propuxera un modelo lingüístico de referencia, o que explica que en ortografía e morfoloxía parece que en galego valía case todo, e en léxico todo e moito máis, se temos en conta as voces inventadas por moi diversos procedementos que se rexistran na historia do galego escrito contemporáneo. A tradición normativa institucional limitábase practicamente ó texto *Algunhas normas pra a unificación do idioma galego* (1933) redactadas polo Seminario de Estudos Galegos para uso interno e sen rigorosas pretensións científicas, que estaban orientadas co espírito de “achegamento ao portugués nos valdeiros que hai que encher no noso idioma”, tal como se sinala na introdución.

²⁶ *Rever* ‘zumegar’, propio de falares arousáns e fisterráns, que tamén usa Cabanillas, e non *rever* ‘diminuír’ que se rexistra, por ex., na Terra Cha.

²⁷ Para a modernización do galego de *Sempre en Galiza* de Castelao cf. Fernández Salgado/Monteagudo (1995: 140-143).

4.1. O intenso debate sobre a norma do galego²⁸

En 1970 o coñecemento científico do galego era moi incipiente, pero sentíase a necesidade dunhas normas para o uso escrito; de aí que a RAG publicase o folleto *Ortografía galega*, que constaba dunha ampla introdución seguida das “Normas”, cun apartado para o abecedario, o acento ortográfico e as contraccións; e un cuarto apartado, “A norma supletoria”, onde se dicía que “nos casos non previstos nestas normas, serven de supletorias as usuáis na ortografía castelá”. A Academia recollía os criterios de unificación ortográfica que a editorial Galaxia fora aplicando en maior ou menor medida nas súas publicacións. En 1971 a Academia editou as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, cunha primeira parte (“Introducción ás normas ortográficas”), que era o texto de 1970, e unha segunda parte (“Algunhas normas para a unificación morfolóxica da lingua galega”), que constaba de introdución e quince breves apartados normativos con cuestións fonéticas e morfolóxicas. Para a RAG, o bo galego era o escrito, o literario, mentres que a fala era xerarquicamente inferior.

Meses antes de que a Academia editase estas normas o Instituto da Lingua Galega da USC, que tiña entre os seus fins o estudo, a promoción e o cultivo da lingua galega e a investigación sincrónica da realidade lingüística do galego actual, publicaba *Gallego I* onde se consideraba que o modelo de lingua culta debía partir da fala popular e da tradición literaria, pero ambas depuradas. Os autores salientaban que a unidade do galego oral era moi grande, o que resultaba asombroso ante a carencia dunha lingua culta, literaria ou non, á que tende todo falante para ser comprendido. No relativo ás normas ortográficas os redactores do manual querían que se axustasen á realidade e que non caesen nun fonetismo puramente técnico. Adoptaron, en principio, as normas provisórias da RAG, con algunhas diferenzas referidas á representación do alomorfo *lo(s)*, *la(s)* do artigo e ó resultado das contraccións das preposicións *a* e *pra* cos artigos masculinos e na morfoloxía o plural *-les* como forma xeral (pero *cadriés*, *reás*, *adrais*).

Despois de varios anos viuse que non se impuxera a proposta normativa do ILG, pero tampouco a da Academia, polo que ante a inminencia da entrada xeneralizada do galego no ensino e ante os atrancos que as distintas editoriais achaban, de decembro de 1976 a xuño de 1977 celebráronse na Facultade de Filoloxía da USC uns seminarios

²⁸ Sobre a “questione della lingua” entre 1970 e 1980 e a codificación do galego estándar actual vid. Fernández Rei (2007: 513-523). Unha detallada análise das propostas normativas dese período pode verse en Alonso Pintos (2006: 182-284), onde o autor analiza en cada proposta os seguintes aspectos: a) ideal de lingua, b) xustificación, c) ortografía, d) grafotáctica, e) galego, portugués e castelán.

“densos, tensos e abertos” (en palabras de Alonso Montero) que deron como froito as consensuadas *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (Bases 1977), intento de superar as diferenzas existentes entre as propostas normativas dos anos 70.

En 1979 e 1980 editáronse propostas normativas que buscaban a converxencia gráfica e morfolóxica co portugués ou ben unha moderada aproximación a esta lingua. Xosé-Martiño Montero Santalla, que participara nos seminarios das *Bases*, deu a lume as *Directrices para a reintegración lingüística galego-portuguesa* (1979). No preámbulo afirmaba que “en teoría, dous son fundamentalmente os camiños que se ofrecen ao idioma da Galiza, no que respeita ao seu desenvolvemento interno: ou ben reintegrar-se de cheio no ámbito lingüístico orixinario (o lusobrasileiro), ou ben constituir-se en lingua independente”, sen que sexa posible un terceiro camiño diferente destes ou intermedio. A finais da década de 1970 Carballo Calero, desde a súa cátedra de Lingüística de Literatura Galega da USC, propugnaba unhas normas de achegamento ó portugués afastadas das da RAG, das que el fora o principal redactor.

A Asociación Sócio-Pedagóxica Galega publicou as *Orientacións para a escrita do noso idioma* (1980), cunha 3ª ed. reintegracionista en 1982. No texto de 1980 dicíase que non se pretendía “abrir ningunha nova vía nen propugnar novidades de sustancia para a ortografía do noso idioma”, que o único que se facía era “seguir no fundamental as *Normas* publicadas pola Académia no ano 1971 que, a pesar de todo, continúan sendo as máis usadas (o que demostra que eran válidas como sistema convencional de fixación do idioma), introducindo só leves modificacións neste ou naquel punto”.

En maio de 1980 a Consellería de Educación e Cultura da Xunta de Galicia publicou as *Normas ortográficas do idioma galego* elaboradas por una Comisión de Lingüística formada, entre outros, por académicos como Carballo Calero e Filgueira Valverde e polo daquela secretario do ILG Antón Santamarina. Nestas *Normas* prevíase a posibilidade dunha ortografía “mais histórica, ou mais económica, ou mais solidária de outras formas do románico-hispánico ao que o galego pertence”. Pensadas para uso escolar –o galego comezaba a introducirse oficialmente no ensino non universitario– e para a administración autonómica, esas *Normas* da Xunta de Galicia de 1980 estaban destinadas a converterse na primeira normativa oficial; pero a súa duplicidade

expositiva (pode escribirse A, pero tamén se pode escribir B) invalidounas funcionalmente como pautado de referencia²⁹.

O 3 de xullo de 1982 o Instituto da Lingua Galega da USC e a Real Academia Galega aprobaron o texto das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* que a Xunta de Galicia oficializou co decreto 173/1982, do 17 de novembro, sobre a normativización da Lingua Galega³⁰. Uns meses despois, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística aprobada polo Parlamento de Galicia, na súa disposición adicional establecía que “nas cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega, se estimará como criterio de autoridade o establecido pola Real Academia Galega”, á vez que indicaba que a “normativa será revisada en función do proceso de normalización do uso do galego”.

Houbo sectores moi activos na normalización do galego en desacordo coas *Normas* de 1982, pero despois de case 20 anos de diverxencias, foise facendo evidente que a falta dun patrón idiomático único era unha grave pexa para normalizar o idioma nunha xeira de alarmante diminución da transmisión xeracional e do uso social. Isto explica que a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega, que defendía unas normas de moderada aproximación ó portugués (eran as que empregaba o Bloque Nacionalista Galego e organizacións afíns nos seus escritos), convocase o ILG e o profesorado das áreas de Filoloxías Galega e Portuguesa das universidades da Coruña, Santiago e Vigo para tratar de lle presentar á RAG una proposta de modificación da normativa vixente, que non se aprobou no 2001, pero si no 2003. Esta pequena-gran reforma non acabou (nin vai acabar) co debate nin coas polémicas normativas, porque unha lingua non é estática nin se define unha vez para sempre. Foi moita a paixón que o debate normativo nestes anos, o que tampouco debe estrañar, porque cando se codifica un idioma minorizado, das cuestións lingüísticas son as relativas á ortografía as que máis apaixonan.

²⁹ Meses despois no Boletín Oficial da Xunta, 15/80, publicáronse unhas breves *Normas* para a aprobación de libros de texto e material didáctico para o ensino non universitario, resultado dunha resolución da Subcomisión de Programación e Textos da Comisión Mixta Ministerio de Educación-Xunta de Galicia. Nesta normativa para os libros de texto era de regra o plural *animais*, que o ILG admitira nas *Bases* de 1977, e en puntos de discordia ILG-RAG (ó fronte a *ao* ou a representación ou non do alomorfo *lo* do artigo) admitíanse as dúas solucións. E os casos non previstos resolveríanse “polas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, da Real Academia Galega e polas *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* da Universidade”.

³⁰ A Associação Galega da Língua publicou en 1983 o *Estudo crítico das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: AGAL [2ª ed. revista e acrescentada 1989].

Nese intenso debate normativo houbo (e segue a haber) dúas posturas fundamentalmente: a *rexeneracionista*, que os seus detractores adoitan denominar *diferencialista* e, sobre todo, *isolacionista*; e a *reintegracionista*, que os seus detractores adoitan denominar *lusista*. O rexeneracionismo defende a elaboración dun estándar autónomo, dun galego identificado que continúe a tradición literaria contemporánea e que estea próximo á fala viva, pero depurada e modernizada; pola súa parte, o reintegracionismo procura facer converxer o galego co portugués ou ben tomar como modelo culto para o galego o portugués padrón, postulando un estándar que se integre no polisistema idiomático lusitano (ou luso-brasileiro) e negando a existencia dunha lingua galega moderna diferente da portuguesa. O rexeneracionismo usa unicamente o glotónimo *galego* para designar a lingua propia de Galicia (e das comarcas estremeiras de Asturias, León e Zamora, e tamén as falas esencialmente galegas do noroeste de Cáceres), mentres que o reintegracionismo, á parte de *galego*, adoita usar a denominación *galego-portugués*, mesmo o sintagma *portugués da Galiza*³¹.

4.2. A codificación do galego de 1982 e 1989

O galego estándar das *Normas* (ILG/RAG 1982) no relativo á morfoloxía presentan unha variedade supradialectal que pretende representar a maioría das falas galegas, pero ningunha en particular, con solucións normalmente maioritarias (dispúñase dun bo coñecemento do galego oral mercé ó material inédito do *Atlas Lingüístico Galego* que o ILG recollera en todo o dominio lingüístico); pero tamén se tivo moi en conta a tradición literaria antiga e moderna para codificar formas consagradas polo uso. Isto explica solucións coma o plural *cans* do galego occidental, a terminación verbal *-des* (*cantades, cantabades*) fundamentalmente do galego central, o pronome suxeito *ti* occidental (e parcialmente central) e formas como *colliches, vendiches* coa vogal temática etimolóxica do galego centro-oriental. O paradigma *-án* masc. / *á* fem. (*irmán, verán/irmá, mazá*) é unha creación, coa terminación masculina das falas occidentais (o fem. ten a mesma terminación nestas falas) e coa solución feminina propia do galego centro-oriental, onde se distingue masc. *irmao* de fem. *irmá*, coma o port. *irmão/irmã*.

³¹ As diferenzas entre estas dúas concepcións sobre que é o galego, onde mellor se aprecian é no plano ortográfico: “A ortografía autonomista continúa, simplificándoa e depurándoa, a tradición común do galego escrito desde o século XIX, que se orixinou como unha adaptación á fonémica galega da ortografía castelá. A ortografía reintegracionista consiste, pola súa banda, nunha adaptación do sistema gráfico do portugués europeo, e preséntase como continuadora do galego medieval” (Monteagudo 2003: 44).

Unha forma estándar pode ser minoritaria xeograficamente, como ocorre co demostrativo neutro *isto* (e *iso*, *aquilo*), co plural *animais* de áreas orientais, coas formas verbais *ía*, *sexa* e outras como *andei*, *andara*... En casos como estes a escolla debeuse, sobre todo, á procura de harmonizar o galego estándar co portugués moderno. Algunhas das escollas minoritarias tiñan como aval o feito de estaren documentadas no galego antigo, a onde se acudiu para propoñer a preposición *ata* (port. *até*, con tradición literaria no galego moderno³²) e rexeitar o castelanismo *hasta* e a variante *astra*, únicas solucións do galego popular; e do galego medieval procede o sufixo *-bel* (co apoio do portugués *-vel*), propio do rexistro literario en concorrencia co popular (e tamén literario) *-ble*, que se pode rexistrar no portugués popular.

A ortografía das *Normas* do 82 segue a habitual no galego escrito desde o séc. XIX, baseada na ortografía castelá con adaptacións á fonoloxía galega. O sistema fonolóxico galego evolucionara converxendo co castelán e diverxendo do portugués centro-meridional, base do estándar portugués, do que é boa mostra o resultado das sibilantes ó norte e sur do Miño. Nas *Normas* do 82 culminouse a regularización e simplificación do sistema ortográfico que de xeito xeral se usaba desde o Rexurdimento (<x> para a prepalatal fricativa xorda, <nh> para a nasal velar...). A maior novidade ortográfica está na sistematización do uso dos grafemas e <v> e de <h> cun criterio estritamente etimolóxico, polo que o galego, que viña usando eses grafemas consonte coa grafía castelá, agora non coincide en formas como *móbil*, *voda*, *avó*, *aí* ou *harmonía*.

En 1989 o ILG e a RAG editaron provisoriamente o *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*, coñecido como *VOLGa*. Para a súa redacción fíxose un seguimento histórico, moitas veces panrománico, de gran parte das 45.000 entradas de que consta, e houbo que seleccionar entre as variedades dialectais de moitas entradas; por outra parte, modernizouse o léxico coa incorporación de voces técnicas e de diferentes parcelas da cultura e elimináronse empréstitos innecesarios do castelán, para o que o portugués foi unha ferramenta fundamental. Tanto na fase provisoria como na redacción posterior (González/Santamarina 2004), consultáronse dicionarios de diversas linguas modernas e tamén os *corpora* do galego oral, histórico e literario que se foron creando no ILG desde a década de 1970.

³² A preposición *até* foi incorporada á normativa vixente na reforma de 2003.

Santamarina (2003) explicou con abundante exemplificación cales foron os criterios xerais da elaboración do *VOLGa*. No que atinxe á adaptación das voces librescas, moitas palabras cultas (*barómetro, microscopio, bancario, baremo*) acomódanse perfectamente á fonética e á morfoloxía do galego por seren de moitas linguas, e con idéntico dereito son tamén galegas. O límite para moverse neste tipo de voces era relativamente pequeno e xa viña marcado nos capítulos 7 (grupos consonánticos) e 8 (sufixos e terminacións) das *Normas* de 1982.

Nos castellanismos léxicos, o criterio foi a depuración. Para discriminar o bo do malo galego acudiuse á gramática histórica, que permite ver que voces populares como *alambre, calle, Dios* ou *sangre* non son galegas. Con todo, hai castellanismos seculares, se cadra irreversibles, que se optou por deixar, como *medrar* (e familia), *pucheiro* ou *sangrar*. O recurso ó galego antigo e ó portugués moderno permitiu reintroducir moitas outras voces con nula ou moi escasa presenza no galego popular, como *Deus, estrada, rúa, alugar, pentear* e tantas outras que hoxe en rexistros formais practicamente desprazaron os correspondentes castellanismos.

Nos neoloxismos compartidos por castelán e galego, cando o préstamo pode ser un castellanismo de luxo, de haber unha forma patrimonial galega sinónima ou moi próxima, o criterio foi propoñer unha substitución ou ampliar o abano de significacións dunha voz galega; así para *descalabro* propúxose *desfeita* ou para *galpón, pendello*. Cando faltaba unha voz patrimonial galega aproveitábase por sinonimia ou para ampliación de sentidos, acudiuse case sempre ó portugués, que toma a voz dun idioma distinto do castelán ou produciu innovacións máis próximas ós étimos (que pertencen a outra lingua moderna) ou xerou el mesmo un novo termo con procedementos máis acordes coa estrutura do galego. De aí propostas de introdución de formas como *contrasinal, gravata, cruzamento, guindastre* e tantas outras no canto dos castellanismos *contraseña, corbata, cruce, grúa*.

Outro recurso para fuxir do castellanismo foi a creación de palabras, como pasou con *beirarrúa* e *beiravía*: sobre o esquema de *beiramar* e sobre a forma catalá *voravia* (concorrente de *vorera*) ‘acera’ introduciuse *beirarrúa* e de paso resolveuse tamén o problema de *arcén* como *beiravía*. E nos casos de voces de idéntica orixe con resultados xeográficos diverxentes (*chao = chan, fiollo = fiúncho, gado = gando*) atendeuse á etimoloxía e á demografía, pero tamén á harmonía coas solucións propostas nas *Normas*, tratando de non condenar máis que o estritamente necesario para non provocar incomodidade nos falantes.

5. Remate: Marcos Valcárcel, galego bo e xeneroso

Remato cunhas palabras para Marcos, que escribe nun coidado galego estándar, como comprobei estes días fixándome na lingua dos prólogos dos libros *Ramón Otero Pedrayo* (Ir Indo, 1988), en colaboración con Ramón Quintana) e *Don Xoaquín Lorenzo no fío de Nós (Artigos e entrevistas)* (Concellería de Cultura de Ourense, 2004) e no seu libro *Xoaquín Lorenzo* (Xerais, 2004).

Nunca tiven trato persoal con Marcos. Coñézoo desde hai anos e saudámonos cordialmente cando coincidimos nalgún acto; e desde que escribía n’*O Correo Galego* e logo en *Galicia Hoxe* sempre lía as súas breves colaboracións pola súa claridade, pola súa maneira construtiva de ver Galicia e a súa problemática sociocultural e polo seu antisectarismo. Fun lector habitual da súa fermosa bitácora *As uvas na solaina*, ese recuncho para a reflexión, o lecer e o pensamento; esa fiestra aberta ó mundo desde a vella sentenza de Vicente Risco “Ser diferente é ser existente”. Desde o seu comezo nesa bitácora Marcos combinaba textos literarios e temas de actualidade, que ilustraba con coidadas imaxes relativas ós textos que permitían facer todo tipo de comentarios.

Na homemanxe que se lle fixo en Ourense o 29 de novembro do 2008 díxose que Marcos era “próximo, sinxelo, xeneroso, amigo, elegante e mellor investigador e articulista de prensa” e que recibe os escritores na porta de Aurias para presentalos en sociedade. Ese mesmo día Xesús Alonso Montero pediu para Marcos o nomeamento de Cronista da República Galega das Letras.

Como investigador dedicou moitas horas da súa vida a analizar a historia política do galeguismo en relación con Ourense e a historia cultural deste cidade. Polo pouso que en min deixou a lectura dos seus moitos artigos de prensa creo que pode decirse que nada que ten que ver con Galicia (e con Ourense), lle é alleo. Sinto que non poida estar presente hoxe en Trives para agradecerlle persoalmente dous artigos xornalísticos: un n’*O Correo Galego* a finais dos 90 onde trataba o nomeamento do ourensán Tovar como correspondente da RAG e o meu nomeamento como académico numerario; e outro en *Galicia Hoxe*, relativo á presentación que fixeramos en Ourense no 2005 da revista *Ardentía* e do VII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia. Marcos asistiu a ese acto, interviú no coloquio e informou do acto na súa colaboración xornalística na que recollía a miña queixa da inexistencia nas literatura galega dunhas memorias dun neno mariñeiro.

O meu sincero agradecemento a Marcos Valcárcel, galego bo e xeneroso, por todo canto leva traballado por unha Galicia moderna, culta e tolerante..

Referencias bibliográficas

- Acuña, M. L. (1992): *Firgoas*. Edición de Carlos L. Bernárdez e Ramón Nicolás. Vigo: Xerais.
- Alonso Pintos, S. (2006): *O proceso de codificación do galego moderno (1950-1980)*. [A Coruña]: Fundación Pedro Barrié de la Maza. Biblioteca Filolóxica Galega Instituto da Lingua Galega.
- Álvarez Blanco, R. (1988), “Escribir en galego: Otero Pedrayo”, en *Día das Letras Galegas 1988. Otero Pedrayo na revista Nós (Escolma)*. Santiago de Compostela: Universidade, 9-23.
- Álvarez Ruiz de Ojeda, V. (1986), *Algúns aspectos da lingua galega de Rosalía de Castro*. Santiago de Compostela: Universidade. Memoria de licenciatura (inérita).
- Boullón Agrelo, A. I. (1992): “A lingua galega en Celso Emilio Ferreiro. II.Substantivo e adxectivo”, en R. Álvarez, coord., *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, I. Santiago de Compostela: Universidade, 53-86.
- Cabanillas, R. (1959), *Obra completa*. Buenos Aires: Galicia [O volume foi preparado por Francisco Fernández del Riego].
- Carballo Calero, R. (1974), “La constitución del gallego como lengua escrita”, *Verba* 1, 31-40.
- Fernández Rei, F. (1982), “Anotacións ó léxico de Cunqueiro”, en *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*. Santiago de Compostela: Universidade, 341-348.
- Fernández Rei, F. (1990), *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Fernández Rei, F. (1998), “A elaboración do galego moderno. Contribución da tradución galega de *I promessi sposi* de Manzoni a este proceso”, *Revista Portuguesa de Filologia*, XXII, 113-152.
- Fernández Rei, F. (1999), *Ramón Cabanillas, Manuel Antonio e o mar da Arousa. Dúas singraduras na construción dun idioma para unha patria*. A Coruña: Real Academia Galega. Discurso de entrada na RAG con contestación de Antón Santamarina.
- Fernández Rei, F. (2000), “Dialectalismos, arcaísmos e empréstimos portugueses na construción da lingua literaria de Ramón Cabanillas”, en J. L. Rodríguez, ed., *Estudos dedicados a Ricardo Carvalho Calero*, I. Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela, 507-525.
- Fernández Rei, F. (2001a), -“A lingua medieval e a súa importancia na elaboración do galego moderno”, en A. Cortijo Ocaña, G. Perissinotto e H. L. Sharrer, eds., *Estudios galegos medievais*. Vol. 1 de *Studia Hispanica Californiana*. Santa Barbara: Department of Spanish and Portuguese, University of California, 17-42.
- Fernández Rei, F. (2001b), “Cabanillas e a arela dunha lingua nacional”, en *Xornadas sobre Ramón Cabanillas. Actas das xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Cambados, os días 7 e 8 de xuño de 2001*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 19-48.
- Fernández Rei, F. (2003), coord., *Atlas Lingüístico Galego. Vol. IV Tempo atmosférico e cronolóxico*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega/Fundación Pedro Barrié de la Maza.

- Fernández Rei, F. (2007), “A problemática elaboración do galego moderno”, *A Trabe de Ouro* 72, 503-526
- Fernández Salgado, B. / Monteagudo Romero, H. (1995), “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en H. Monteagudo, comp., *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo, Galaxia, 99-176.
- Ferreiro, M. (1991), “A lingua pondaliana e a formación do estándar literario galego”, *Cadernos de Lingua* 4, 49-70.
- Freixeiro Mato, X. R. / Sánchez Rei, X. M. / Sanmartín Rei, G. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX*. A Coruña: Universidade.
- García, C. (1991): “Unha proba da lingua de Cunqueiro”, *Cadernos de Lingua* 3, 5-13.
- González Bueno, M. C./Sobrino Pérez, M. A. (2003): “O léxico agrícola como fonte de ampliación semántica”, en M^a Álvarez de la Granja/E. González Seoane (eds.) (2003): *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 255-283.
- González González, M. / Fernández Rei, F. (1982), “Anotacións á morfoloxía de Cunqueiro.”, en *Homenaxe a Álvaro Cunqueiro*. Santiago de Compostela: Universidade, 186-193.
- González González, M./Santamarina Fernández, A., coord., (2004): *Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLGA)*. A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega [consultable en Internet en <http://www.realacademiagalega.org/volga>].
- Hermida, C. (1992): “O dialectalismo en Celso Emilio Ferreiro”, en R. Álvarez, coord., *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, I. Santiago de Compostela: Universidade, 301- 315.
- Hermida, C. (1993): “O influxo dialectal na obra de Álvaro Cunqueiro”, en *Álvaro Cunqueiro. Actas do Congreso celebrado en Mondoñedo entre os días 9 e 13 de setembro de 1991*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 35- 60.
- ILG-RAG (1982): Instituto da Lingua Galega/Real Academia Galega: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Santiago de Compostela/A Coruña. Reed. revisada: decembro 2003¹⁸.
- L[ópez] Dobao, X. A. (1992), “A lingua, galega en Celso Emilio Ferreiro. VIII. O léxico”, en R. Álvarez, ed., *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, I. Santiago de Compostela: Universidade, 263-286.
- López Ferreiro, A. (1981), *O castelo de Pambre*. Edición, introdución e notas de Aurora Marco. Sada / A Coruña, Edicións do Castro.
- López Ferreiro, A. (1985), *A tecedeira de Bonaval*. Edición, introdución e notas de Xosé Antonio Palacio e Blanca-Ana Roig. Estudo literario de Anxo Tarrío. Vigo, Xerais.
- Lorenzo, R. (1986), “A lingua literaria na época de Rosalía”, en *Actas do Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo (Santiago, 15-20 de xullo de 1985)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, Universidade, III, 7-41.
- Monteagudo Romero, H. (1997), “Modelos de lingua. Consideracións teóricas ó fio do debate sobre a estandarización do galego”, *Cadernos de Lingua*, 14: 5-33.
- Monteagudo, H. (2003): “A demanda da norma. Avances, problemas e perspectivas no proceso de estandarización do idioma galego”, en H. Monteagudo e X. M. Bouzada Fernández, coords, *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000*, III *Elaboración e difusión da lingua* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 37-129.

- Rúa Ferradás, M. (1987), “Estudio do galego en ‘Aires da miña terra’ e no ‘Divino Sainete’, en *Curros Enríquez: crebar as liras*. Extra d’ *A Nosa Terra*. Vigo, A Nosa Terra, 67-71
- Santamarina, A. (1995), “Norma e estándar”, en H. Monteagudo, comp., *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 53-98.
- Santamarina, A. (2003), “O *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLG)*. Criterios de elaboración”, en M^a Álvarez de la Granja/E. González Seoane: *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura Galega, 53-92.
- Santamarina, A., dir., (2004): *Tesouro informatizado da lingua galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Imaxin [consultable en internet en <http://www.ti.usc.es/TILG>; <http://sli.uvigo.es/TILG>].